



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 23 DE XANEIRO DE 2017**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 23 de xaneiro de 2017

HORA DE COMEZO: 19:36

HORA DE REMATE: 20:00 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D. Héitor Mera Herbello.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Lourdes Rial Pardo.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

### **ORDE DO DÍA**

#### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 9 DE XANEIRO DE 2017**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 9 de xaneiro de 2017.

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN**

##### **2.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, aos seguintes solicitantes:

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
C.J.P.P.	Camiño Trollas, nº 52-Castiñeiras-Pinténs-O Hío. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

## 2.B) SOLICITUDE DE PASO DE PEÓNS EN RÚA CONCEPCIÓN ARENAL

Vista a solicitude presentada o día 16.01.2017 por M.G.R., na que demanda a sinalización dun paso de peóns á altura do número 39 da rúa Concepción Arenal.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 19.01.2017 ao respecto pola Policía Local, que indica o seguinte:

"Nº REX: 94/17

*ASUNTO: SOLICITUDE DE PASO DE PEÓNS NA RÚA CONCEPCIÓN ARENAL*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con número de identificación profesional 052024 e 052027, por medio do presente, Informan:*

*Que en relación ó escrito presentado por M.G.R. solicitando un paso de peóns en rúa Concepción Arenal, á altura do nº 39, os axentes consideran que non procede acceder ao solicitado, posto que o paso de peóns desembocaría nunha zona onde non hai beirarrúa.*

*Que os axentes achegan deseños das zonas máis apropiadas para a sinalización de pasos de peóns en rúa Concepción Arenal, que de facelos elevados contribuirían para reducir a velocidade dos vehículos que circulan pola mencionada rúa. Para iso habería que modificar a beirarrúa no lateral dos edificios, eliminando nese tramo o estacionamento en batería e sinalizandoo en liña".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda:

Primeiro.- Denegar o pedimento de sinalización horizontal de paso de peóns realizado pola Sra. G.R.

Segundo.- Aprobar o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente.

Terceiro.- Remitir o presente acordo á interesada, así como aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica para a consecución do indicado no informe da

---

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Policía.

## **2.C) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SINALIZACIÓN HORIZONTAL**

Vista a solicitude presentada en data 20.12.2016 pola Asociación de Veciños "MILLADOIRO DE NERGA", na que demandan a sinalización de prohibido aparcarse no cruce de camiños Bouzavella, Xoan Piñeiro e Las e no camiño de Bouzavella a Pedralta.

Visto así mesmo, o informe emitido en data 18.01.2017 pola Policía Local, no que se indica o seguinte:

*"A xefatura da policía local de Cangas, por medio do presente informe EXPÓN:*

*Que por requirimento veciñal, mediante escrito que se achega presentado pola asociación Malladoiro de Nerga, e unha vez comprobado no lugar, PROPONSE:*

*\* Aprobar a sinalización horizontal e vertical solicitada, de prohibición de aparcamento en cruce camiños Bouzavella, Xoán Piñeiro e Las, tal e como teñen exposto desde o colectivo.*

*Tamén se propón reforzar a sinalización de direccións obrigatorias nos tramos de sentido único de subida e con dirección a Liméns e un panel informativo indicando este lugar".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015 e de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda aprobar a sinalización solicitada pola referida asociación de veciños.

## **3º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA**

### **3.A) SOLICITUDE DE "MAPFRE" S/OCUPACIÓN DE TERREO PARA INSTALACIÓN DE CARPA**

Visto o escrito presentado o día 17.01.2017 por C.B.D., en representación da empresa "MAPFRE", no que demanda autorización municipal para a instalación de unha carpa móbil da referida empresa con motivo de realizar inspección técnica de vehículos (ITV) gratuitamente, a instalar no lugar do aparcamento existente na Unidade de Actuación nº 5, durante os días 27 e 28 de xaneiro do ano que andamos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a solicitude presentada polo Sr. B.D., en representación da empresa "MAPFRE", para a instalación de unha carpa móbil no lugar do aparcamento existente na Unidade de Actuación nº 5, durante os días 27 e 28 de xaneiro do ano que andamos.

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

### **3.B) SOLICITUDE DE CIRCO "PERLA SHOW" PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA**

Visto o escrito presentado o día 09.01.2017 por P.C., en representación de CIRCO "PERLA SHOW", no que demanda autorización municipal para a instalación de carpa en zona pública.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda denegar a solicitude presentada pola Sra. P.C. para instalación de carpa de circo, de conformidade co acordo plenario adoptado polo Concello de Cangas, no que se amosou contrario aos espectáculos públicos con todo tipo de animais.

### **4º.- INFORME DE INSPECCIÓN DE TAXAS S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON CERRAMENTO DE TOLDOS**

Dáse conta de informe de data 16.01.2017 do Departamento de Xestión de Ingresos Tributarios, referente a ocupación de vía pública coa instalación de toldos e paramentos, no que se indica o seguinte:

*"Informe do Departamento de Xestión de ingresos tributarios (inspección de taxas)*

*Asunto: toldos e paramentos*

*Segundo a Ordenanza municipal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública (BOPDEPO nº 248 de 30 de decembro de 2013) nos seguintes apartados:*

*\* Artigo 2: constitúe o feito imponible desta taxa o uso común especial normal e máis o uso privativo do solo, voo e subsolo da vía pública; punto 2: ocupación do voo de toda clase de vías públicas municipais con elementos construtivos pechados, terrazas, miradoiros, balcóns, marquesiñas, toldos, paramentos e outras instalacións semellantes aos voos sobre a vía pública ou que sobresaian da liña da fachada.*

*\* Artigo 7: a taxa devéngase cando, solicitada a preceptiva licenza ou autorización, o aproveitamento especial ou o uso privativo sexa autorizado.*

*De acordo co artigo 13.4 da Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas da vía pública: no caso de instalar parasoís, deberase suxeitar mediante unha base de suficiente peso, **de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante ancoraxes ou similares.** Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoís unha altura mínima de 2,20 m para non*

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

*molestar aos peóns.*

• *Os establecementos hostaleiros que teñen instalado un toldo con paramentos ancorados ao pavimento son os seguintes:*

- *S.F.M.L. DA AVDA. MONTERO RÍOS, Nº11 - BAR PAXARIN*
- *BAR ALONDRAS CB DA AVDA. MONTERO RÍOS, Nº 8 - BAR ALONDRAS*
- *C.M.J. DA PRAZA DO ARCO, Nº8 - TABERNA O ARCO*
- *M.C.J. DA PRAZA DO ARCO - BAR ALAMEDA*
- *G.P. SL DA AVDA. E. SEQUEIROS, Nº4 - CAFETERÍA QUE FOI?*
- *AIRIÑOS DO MAR SL DA AVDA. E. SEQUEIROS, Nº30 - CAFETERÍA AIRIÑOS*
- *A.B.G.L. DA AVDA. CASTELAO, Nº13 - CAFETERÍA CANGAÇEIRO*
- *N.B.J. DA AVDA. CASTELAO, Nº21 - BAR O PUNTO DE SAL*
- *HERMANOS REY GRAÑA CB DO EIRADO DO SEÑAL, Nº3 - CAFETERÍA LA MARINA*
- *HOSTELERA CANGUESA SL DA AVDA. DE MARÍN, Nº21 - BAR/CAFETERÍA HOLLYWOOD*
- *HOSTELERA CANGUESA SL DA AVDA. DE MARÍN, Nº7 - BAR/CAFETERÍA OASIS*
- *P.F.J. DA AVDA. MARÍN, Nº5 - CAFETERÍA/HOTEL JUCAMAR*
- *P.N.M. DA PRAZA DAS PONTES-BAR LICENCIA 45*

• *Os establecementos hostaleiros que teñen instalado mesas e cadeiras e outros elementos ancorados ou non ao pavimento son os seguintes:*

- *CASA MACILLOS SL DA RÚA A. SARALEGUI, Nº24 - BAR MACILLOS*  
*\*A mesas e os bancos instalados na fachada do establecemento están suxeitos ao pavimento.*

- *R.G.M.E. DA ALDEA DE ARRIBA, Nº8 - BAR BULE BULE*  
*\*Ten instalada a terraza cunha cuberta metálica fixa.*

• *Os establecementos hostaleiros da Avda. Montero Ríos que teñen instalado un toldo con paramentos e outros elementos ancorados ou non ao pavimento son os seguintes:*

- *CAFÉ-BAR NACIONAL*
- *CAFÉ-BAR CÍES*
- *CAFÉ-BAR A LONXA*
- *CAFÉ-BAR ASUBÍO”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda:

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento do informe transcrito do Departamento de Xestión de Ingresos Tributarios, referente a ocupación de vía pública coa

---

Concello de Cangas



Concello de Cangas

instalación de toldos e paramentos.

**SEGUNDO:** Requirir aos establecementos hostaleiros indicados no informe, para que procedan, no prazo máximo dunha semana, á retirada dos toldos, cubertas e demais elementos *ancorados ao pavimento, incumprindo o artigo 13.4 da Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP num. 144 de 27 de xullo de 2012).*

**TERCEIRO:** Notificar esta resolución aos interesados, advertindo que, en caso de incumprir a orde sinalada no apartado primeiro, terá lugar a execución subsidiaria do artigo 98 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, a costa do obrigado e que se incoará o correspondente expediente de sanción por infracción administrativa en materia de instalación de terrazas na vía pública.

## **URBANISMO E PATRIMONIO**

### **5º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 19 DE XANEIRO DE 2017, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **5.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

5.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advérteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



## Concello de Cangas

titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

**EXPEDIENTE Nº 26.112.-** A J.V.R., con enderezo en lugar da Rosada, nº 34-Coiro, para en solo de núcleo rural regulado pola Ordenanza SNUN-SNUA, reconstruír un muro de contención de terras no lugar da Rosada, polígono 42 parcela 456 de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico E.P.-Barros de setembro de 2016. O presuposto de execución material ascende a seis mil trescentos dezasete euros con noventa e catro céntimos (6.317,94 €).

**EXPEDIENTE Nº 26.136.-** A F.D.B.G.B., con enderezo no Barrio do Outeiro nº 28-Cangas, para na Praza do Arco, nº6- Cangas, reformar a planta baixa en 25,27 m<sup>2</sup>., 11,23 m<sup>2</sup>., de terrazas ou escaleira, e ampliar en 36,50 m<sup>2</sup>., en soto, 24,23 m<sup>2</sup>., de planta primeira, 19,45 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta e 4,77 m<sup>2</sup>., de terrazas ou escaleira de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto D.V.F., en setembro de 2016 e documentación



Concello de Cangas

complementaria de data 15 de novembro de 2016. O presuposto de execución material de obra ascende a corenta e oito mil trescentos oitenta e seis euros con vinte céntimos (48.386,20 €).

Condicionado a presentar proxecto de execución visado, oficios de dirección de obra e de execución destas, así como autorización de ocupación de vía pública de ser preciso e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Antes do inicio da actividade deberá presentar certificado final de obra e das instalacións.

Na execución das obras deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI.

**EXPEDIENTE Nº 26.205.-** A M.L.C.L., con enderezo a efectos de notificación en Rúa Anduriña, nº 13-4ºA-Vigo, para en solo non urbanizable común e zona de mellora ambiental e paisaxística construír un muro de contención de terras no lugar de Fanequeira-Pinténs-O Hío de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico Francisco Mallo Lagoa de novembro de 2016. O presuposto de execución material ascende a seis mil setecentos vinte e seis euros con sesenta e oito céntimos (6.726,68 €).

**EXPEDIENTE Nº 26.214.-** A VJ MAINTENANCE FACILITY SERVICES SL, con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº 33-1º-oficina 5-Cangas, para na Avda. Méndez Núñez, nº 33-baixo-local 7, 8 e 9-Cangas, reformar a planta baixa en 322,53 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto de acondicionamento elaborado pola arquitecta E.F.P., en outubro de 2016. O presuposto de execución material de obra ascende a cento trinta e nove mil trescentos dezaioito euros con cincuenta e nove céntimos (139.318,59 €).

Antes do inicio da actividade deberá presentar certificado final de obra e das instalacións.

**EXPEDIENTE Nº 26.227.-** A BERTOPAZ, SL, con enderezo a efectos de notificación en rúa da Garita, nº 32-Cangas, para no referido lugar regulado pola ordenanza 12, ampliar unha vivenda unifamiliar en 75,75 m<sup>2</sup>., de planta baixa e 75,75 m<sup>2</sup>., en primeiro andar de conformidade co proxecto elaborado pola arquitecta M.T.F.I. de decembro de 2016, condicionado a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución visado, oficios de dirección, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos de poboación e tamén en canto a obriga de conexión cos servizos existentes e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento trece mil euros (113.000,00 €).

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Concello de Cangas

**EXPEDIENTE Nº 24.883.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.755.-** A J.C.V.D., con enderezo en rúa As Barreiras, nº 1-Liméns-O Hío, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras incluídas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 145.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

**5.A.2) EXPEDIENTE Nº 18.786.- LICENZA Nº 18.583.- RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 24.10.2016**

Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por J.M.S.C. contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 24.10.2016 polo que se acordou outorgar licenza de primeira ocupación a J.M.S.C. dunha vivenda sita en Estrada de Bueu, nº 152-Gandón.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

PRIMEIRO.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24.10.2016 acordouse outorgar licenza de primeira ocupación a J.M.S.C. dunha vivenda sita en Estrada de Bueu, nº 152-Gandón.

A notificación deste acordo, na que se indicaban o réxime de recursos aplicables e os prazos para interpoñelos foi notificado a J.M.S.C., en data 03.11.16, en forma e prazo.

SEGUNDO.- En data 25.11.2016, rexistro de entrada 15.999, preséntase recurso de reposición por J.M.S.C. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 24.10.2016 mediante o cal se outorgaba licenza de primeira ocupación.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Artigos 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS**

I.- A competencia para a resolución do recursos de reposición presentado, de conformidade co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, corresponde á Xunta de Goberno: "*Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición perante o mesmo órgano que o ditase...*"

II.- No recurso interposto por J.M.S.C., na súa condición de interesado

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

aprécianse a concorrencia dos requisitos determinantes da súa admisión a trámite, como a personalidade suficiente e a lexitimación activa na causa como parte recorrente.

O artigo 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro, procedemento administrativo común das administracións públicas, concede un prazo de un mes para a interposición do recurso de reposición.

O artigo 30.4 da citada norma establece que: "*se o prazo se fixase en meses ou anos estes computaranse a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel en que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo*".

III. No recurso interposto manifesta o recorrente que a notificación do acordo presenta os seguintes erros formais materiais:

1.- Vai con rexistro de entrada no Concello. Este punto debe ser desestimado toda vez que dito rexistro é interno e a notificación efectuada cumpre con todos os requisitos previstos na Lei 39/2015 para a eficacia e validez das notificacións administrativas.

*" O órgano que dite as resolucións e actos administrativos notificaraos aos interesados cuxos dereitos e intereses sexan afectados por aqueles, nos termos previstos nos artigos seguintes.*

*2. Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto sexa ditado e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de si pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que houbesen de presentarse e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outr.o que estimen procedente.*

*3. As notificacións que, contendo o texto íntegro do acto, omitisen algún dos demais requisitos previstos no apartado anterior, fornecerán efecto a partir da data en que o interesado realice actuacións que supoñan o coñecemento do contido e alcance da resolución ou acto obxecto da notificación, ou interpoña calquera recurso que proceda.*

*4. Sen prexuízo do establecido no apartado anterior e aos sos efectos de entender cumprida a obrigaón de notificar dentro do prazo máximo de duración dos procedementos, será suficiente a notificación que conteña, cando menos, o texto íntegro da resolución, así como o intento de notificación debidamente acreditado.*

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

*5. As administracións públicas poderán adoptar as medidas que consideren necesarias para a protección dos datos persoais que consten nas resolucións e actos administrativos, cando estes teñan por destinatarios a máis de un interesado.*

2. No acordo faise referencia a un informe emitido polo arquitecto municipal pero non se indica nin se transcribe o contido do informe. Neste punto o recurso tamén debe ser desestimada, de conformidade co previsto no artigo 17 do Regulamento de disciplina urbanística de Galicia non resulta de obriga transcripción o informe técnico, unicamente a súa existencia para poder outorgar a licenza correspondente.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local RESOLVE:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por J.M.S.C. contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 24.10.2016, polo que se acordou outorgar licenza de primeira ocupación a J.M.S.C. dunha vivenda sita en Estrada de Bueu, nº 152-Gandón, polas consideracións técnicas e legais expostas, toda vez que a notificación realizada é válida e forneceu efectos administrativos, de conformidade co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución ao interesado para os efectos oportunos, coa indicación de que este acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado contencioso-administrativo da circunscrición onde radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.3º da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto no artigo 46.1 da citada lei.

## **6º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

**EXPEDIENTES Nº 25.925.-** A I.D.D.R., para obras de acondicionamento de local destinado a froitería, sito en Praza Bispo Cerviño, nº11-Baixo–Aldán.

**EXPEDIENTES Nº 26.196.-** A C.F.F., para traslado de portal no lugar de Parada–Coiro.

**EXPEDIENTES Nº 26.200.-** A J.B.F., para melloras de ornato en muro de cerramento existente sino en rúa Lontreira, nº14-Aldán–Cangas.

---

Concello de Cangas



Concello de Cangas

**EXPEDIENTES Nº 26.202.- APERTURA Nº 1995/16.-** A M.A.C.S., para acondicionamento de local para clínica dental sito na Avda. de Ourense, nº16.

**EXPEDIENTES Nº 26.213.-** A C.C.L., para reformas interiores en vivenda sita en rúa David Cal, nº20-Vilariño–O Hío.

**EXPEDIENTE Nº 26.215.- LICENZA Nº 25.006.-**A J.A.G. e S.C.C., para cambio de titularidade da referida licenza para reforma de vivenda sita en rúa Benigno Soage, nº 23, a cal estaba a nome de Adrián Chapela Acuña.

**EXPEDIENTES Nº 26.222.-** A Caixabank, SL, para reforma interior de oficina bancaria sita na Avda. Montero Ríos, nº17-Cangas.

**7º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA E URBANISMO S/NOMEAR MEMBROS PARA CONSTITUÍR O COMITÉ DE EXPERTOS ENCARGADO DA VALORACIÓN DAS OFERTAS DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE "REDACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS"**

Dáse conta de proposta de data 19.01.2017 do concelleiro de Facenda e Urbanismo, referente a nomeamento de membros para constituír o comité de expertos encargado da valoración das ofertas do expediente de contratación de "REDACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS", que di o seguinte:

*"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE FACENDA E URBANISMO*

*Visto que na Xunta de Goberno Local realizada o 26 de decembro de 2016 acordouse nomear aos tres membros que constitúen o comité de expertos encargado da valoración das ofertas, conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor no expediente de contratación da 'Redacción do plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cangas'.*

*Recibido escrito de data 19 de xaneiro de 2017 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, polo que se designa a unha persoa diferente á inicialmente nomeada para formar parte do sinalado comité de expertos, polo que se fai necesario modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 26.12.2016.*

*Vista a cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares que establece os criterios de adxudicación do contrato, atribuíndo aos criterios cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor unha ponderación superior á correspondente aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas.*

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

*De conformidade cos artigos 150.2 e 160 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, que establece que na situación indicada deberá constituírse un comité que conte cun mínimo de tres membros, formado por expertos non integrados no órgano proponente do contrato e con cualificación apropiada, ao que corresponderá realizar a avaliación das ofertas conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.*

*Propoño á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:*

*Primeiro.- De acordo co establecido artigos 150.2 e 160 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, nomear os seguintes membros que han de constituír o comité de expertos encargado da valoración das ofertas conforme aos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor no expediente de contratación da de 'Redacción do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Cangas':*

- I.D.G.- Arquitecto destinado no Servizo de Urbanismo de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.*
- T.N.F.- Arquitecta do Servizo de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.*
- M.P.G.- Presidente da Fundación Galicia Sustentable.*

*Segundo.- Notificar a presente resolución ás persoas que integran o comité de expertos para a valoración das ofertas do contrato mencionado, para os efectos oportunos.*

*Terceiro.- Publicar este nomeamento no perfil do contratante, con carácter previo á apertura do sobre A".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente do concelleiro de Facenda e Urbanismo, referente a nomeamento de membros para constituír o comité de expertos encargado da valoración das ofertas do expediente de contratación de "REDACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS".

## **SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

### **8º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA DE EMERXENCIA SOCIAL**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Social, do día 17.01.2017, relativa á concesión de axuda económica de emerxencia social, que di:

*“Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:*

*\*Concesión de axuda económica de cincocentos euros (500,00 €) a J.L.F.B., con DNI nº 78.732.559-V”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

## **PERSOAL**

### **9º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE INICIO DE EXPEDIENTE PARA A COBERTURA DE 2 PRAZAS DE OFICIAL DA POLICÍA LOCAL**

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 19.01.2017, referente a aprobación de inicio de expediente para a cobertura de 2 prazas de oficial da Policía Local, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA*

*Aprobada a oferta de emprego público do Concello de Cangas correspondente ao ano 2016 pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 26.12.2016 e publicada esta no Boletín Oficial da Provincia de data 18.01.2017.*

*Visto que con data 18.01.2017 a Xefatura da Policía Local en exercicio da competencia que lle outorga o artigo 27.3.c) da Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, formulou proposta a esta Alcaldía para que se iniciase o procedemento dirixido á cobertura de dúas prazas de oficial ofertadas mediante un proceso de promoción interna.*

*Visto que a competencia para a aprobación de bases e convocatoria de procesos de selección de persoal está expresamente delegada na Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto na resolución desta Alcaldía de data 02.07.2015, elevase á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte PROPOSTA:*

*PRIMEIRO.- Iniciar expediente administrativo para convocatoria dun proceso de selección con aprobación das bases deste para a cobertura das dúas prazas de oficial de policía correspondentes á Oferta de Emprego Público de 2016, aprobada por Xunta de Goberno Local de data 26.12.2016 (BOP de Pontevedra*

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

do 18.01.2017).

*SEGUNDO.- Que por parte da Intervención Municipal á vista da valoración dos custos das contratacións se informe sobre a existencia de crédito orzamentario para proceder a súa cobertura.*

*TERCEIRO.- Que polo departamento de Persoal se proceda a redacción das bases da convocatoria e a tramitación subseguinte do procedemento ata a súa aprobación, de conformidade co establecido na normativa en vigor e en particular na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e no artigo 55 da Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e na Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais, da Comunidade Autónoma de Galicia”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de inicio de expediente para a cobertura de 2 prazas de oficial da Policía Local.

#### Intervencións:

- Sr. Hermelo Álvarez: pregunta se este trámite está consensuado co Comité de Empresa e Xunta de Persoal.

- Sr. Alcalde: resposta afirmativamente.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) INFORME DA COORDINADORA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS NO BARRIO DE OUTEIRO, CASCO VELLO-CANGAS”**

Visto o contrato de obras de “Pavimentación e mellora de servizos no Barrio do Outeiro-Casco Vello” cuxa adxudicación se realizou por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2016 a favor de “NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU”.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde das Obras presentado neste Concello polo contratista “Nexia Infraestructuras SLU”.

Visto o informe de M.I.M.F., coordinadora de seguridade e saúde de obras de data 20 de xaneiro de 2017, o cal é favorable.

---

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Examinada a documentación que a achega e de conformidade co establecido o artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de seguridade e saúde presentado por "Nexia Infraestructuras SLU", para a execución da obra "Pavimentación e mellora de servizos no Barrio do Outeiro-Casco Vello".

SEGUNDO.- Que se dea traslado desta resolución do contratista das obras e á coordinadora de seguridade para que proceda á súa comunicación á autoridade laboral.

### **B) INFORME DA COORDINADORA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA "REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS TITULARIDADE MUNICIPAL, PONTE BOUZÓS, CONTENCIÓN E RECOLLIDA PLUVIAIS OURELO-DARBO"**

Visto o contrato de obras de "Preparación e acondicionamento de camiños de titularidade municipal, Ponte Bouzós e contención e recollida de pluviais en Ourelo-Darbo" cuxa adxudicación se realizou por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2016 a favor de "NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU".

Visto o Plan de seguridade e saúde das obras presentado neste Concello polo contratista "Nexia Infraestructuras SLU".

Visto o informe de M.I.M.F., coordinadora de seguridade e saúde de obras de 23 de xaneiro de 2017, o cal é favorable.

Examinada a documentación que a achega e de conformidade co establecido o artigo 7.2 do Real decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción e o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime Local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde presentado por "Nexia Infraestructuras SLU", para a execución da obra "Preparación e acondicionamento de camiños de titularidade municipal, Ponte Bouzós e contención e recollida de pluviais en Ourelo-Darbo".

SEGUNDO.- Que se dea traslado desta Resolución do contratista das obras e á coordinadora de seguridade para que proceda á súa comunicación á autoridade laboral.

---

Concello de Cangas





### **C) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE URBANISMO S/RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE SOSTENIBILIDADE DA COSTA E DO MAR REFERENTE A PROTECCIÓN E USO SOSTIBLE DO LITORAL**

Dáse conta de proposta do día 23.01.2017 do concelleiro de Urbanismo, referente á presentación de recurso contencioso-administrativo, fronte ao informe emitido pola Dirección Xeral de Sustentabilidade da costa e do mar, pola protección e uso sostible do litoral, que di o seguinte:

#### *"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE URBANISMO*

*Resultando que en data 9 de maio de 2016 tivo entrada no rexistro municipal informe emitido polo Servizo Provincial de Costas, no que realizan unha serie de consideracións respecto da solicitude de informe formulada en data 20 de maio de 2015 polo Concello de Cangas, segundo o previsto na Disposición transitoria primeira da Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, cuxa finalidade é a redución da servidume de protección nos núcleos rurais de Rodeira I, Rodeira II, Santa Marta, Liméns, Areabrava, Arneles-Vilariño, Espiñeira, Francón e Mendiña.*

*Remitada nova documentación ó Servizo Provincial e Costas en data 28 de outubro de 2016 o 24 de novembro do mesmo ano recibíuse no Concello informe desfavorable emitido pola Dirección Xeral de Sustentabilidade da costa e do mar relativo á aplicación da Disposición Transitoria Primeira da lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral en varios núcleos rurais, no termo municipal de Galicia*

*Visto que en data 23.12.2016 se solicitou, por parte do Concello, aclaración sobre o réxime de recursos de aplicación, xa que non consta no traslado efectuado de dito informe e non obtendo resposta ao día de hoxe.*

*Polo exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO.- Presentar un recurso contencioso-administrativo fronte ao informe emitido pola Dirección Xeral de Sustentabilidade da costa e do mar relativo á aplicación da Disposición transitoria primeira da Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral no que indican que non procede a aplicación da Disposición transitoria primeira da Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas nos núcleos de Rodeira I, Rodeira II, Santa Marta, Liméns, Areabrava, Arneles-Vilariño, Espiñeira, Francón e Mendiña.*

*SEGUNDO.- Nomear a J.R.V.C. como avogado que presente o recurso en*



Concello de Cangas

*representación do Concello”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente á presentación de recurso contencioso-administrativo, fronte ao informe emitido pola Dirección Xeral de Sustentabilidade da costa e do mar, pola protección e uso sostible do litoral.

#### **D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INCITACIÓN AO CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS EN MENORES DE IDADE**

Visto o escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade (Rexistro de entrada de 13.01.2017 núm. 386) polo que se remiten denuncias contra dous establecementos do concello por tratarse dun tema de competencia municipal segundo o artigo 30 da Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Comprobado pola Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia que, con data 22 de decembro, se localizaron en varios puntos do termo municipal de Cangas, así coma en redes sociais, uns carteis anunciadores de festa de fin de ano no establecemento denominado 'DISCOTECA CLIP', sito na avenida de Marín, nº 20, feitos constitutivos de presunta infracción administrativa en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, segundo o disposto no artigo 15.12 da Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que por parte dos servizos técnicos do Concello se emita informe, co obxecto de comprobar a identificación das persoas que puidesen resultar responsables, as circunstancias relevantes que concorran e a tipificación das infraccións.

SEGUNDO.- Que se emita informe de Secretaría con relación ao procedemento e a lexislación aplicable para levar a cabo a tramitación do correspondente expediente de sanción.

#### **E) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INCITACIÓN AO CONSUMO DE BEBIDAS ALCOHÓLICAS EN MENORES DE IDADE**

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Visto o escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade (Rexistro de entrada de 13.01.2017 núm. 386) polo que se remiten denuncias contra dous establecementos do concello por tratarse dun tema de competencia municipal segundo o artigo 30 da Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

Comprobado pola Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia que, con data 22 de decembro, se localizaron en varios puntos do termo municipal de Cangas, así coma en redes sociais, uns carteis anunciadores de festa de fin de ano no establecemento denominado 'HOTEL AIRIÑOS', sito na avenida de Eugenio Sequeiros, núm. 30, feitos constitutivos de presunta infracción administrativa en materia de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade, segundo o disposto no artigo 15.12 da Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que por parte dos servizos técnicos do Concello se emita informe, co obxecto de comprobar a identificación das persoas que puidesen resultar responsables, as circunstancias relevantes que concorran e a tipificación das infraccións.

SEGUNDO.- Que se emita informe de Secretaría con relación ao procedemento e a lexislación aplicable para levar a cabo a tramitación do correspondente expediente de sanción.

## **F) PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/APROBACIÓN DA EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA "MAR DE REDES"**

Dase conta de proposta do día 19.01.2017 da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a aprobación da exposición fotográfica "Mar de Redes", que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL*

*Con data de 19 de xaneiro de 2017, presenta o seu proxecto 'Mar de Redes' nesta concellería a autora R.V.C.*

*Solicita a presentación do proxecto fotográfico nas instalacións da parte superior da Praza de Abastos entre o 4 de febreiro e o 18 de febreiro, en*

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

*horario de 10:00 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:00 horas de martes a domingo.*

*A propia autora será a responsable da apertura e supervisión da exposición na Praza de Abastos no horario de tarde.*

*Por isto propoño a Xunta de Goberno Local:*

*\* Aprobación da exposición fotográfica 'Mar de Redes' entre o 4 e o 18 de febreiro de 2017 no primeiro andar da Praza de Abastos, sobre o traballo da pesca do cerco e do colectivo de redeiras do Concello de Cangas".*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a aprobación da exposición fotográfica "Mar de Redes".

### **G) PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL S/INICIO DE EXPEDIENTE DE LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DOS DESPACHOS DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE SERVIZOS DO CONCELLO DE CANGAS**

Dáse conta de proposta do día 20.01.2017 da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a inicio de expediente de licitación para a adxudicación dos despachos do viveiro de empresas de servizos do Concello de Cangas, que é como segue:

*"PROPOSTA DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL, SOBRE INICIO DE EXPEDIENTE DE LICITACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DOS DESPACHOS DO VIVEIRO DE EMPRESAS DE SERVIZOS DO CONCELLO DE CANGAS*

*Ánxela Vizoso Marcos, concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:*

*- Iniciar o expediente de licitación que rexerá o contrato administrativo especial para a adxudicación dos despachos do Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas, en réxime de cesión de uso.*

*- Dar traslado deste acordo á Secretaría, Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico do Concello de Cangas, para comezar a realizar os traballos pertinentes".*

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego

---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



**Concello de Cangas**

Local, referente a inicio de expediente de licitación para a adxudicación dos despachos do viveiro de empresas de servizos do Concello de Cangas.

## **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

Documento asinado electronicamente á marxe.